

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 23 de outubro de 2014

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Purificación Cariñena Amigo

Gumersindo Feijoo Costa

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

Ausencias xustificadas: Pablo García Tahoces

Puntos a tratar:

1. Aprobación da acta da última reunión
2. Estado dos Informes de Seguimento. Accións de Mellora propostas
3. Actualización do Manual Simplificado SGIC
4. Turno aberto

1. Aprobación da acta das últimas reunións.

Apróbase a acta da reunión do 18 de setembro de 2014, coa inclusión das ausencias xustificadas de Julia González Álvarez e David Losada Carril.

2. Estado dos Informes de Seguimento. Accións de Mellora propostas

O Sr. Director explica que o obxectivo desta reunión é o de compartir as ideas que se están desenvolvendo nos distintos informes de seguimento das titulacións do centro, para buscar sinerxias (como levamos facendo nos dous últimos anos). A situación ideal teríamola se os indicadores nos chegaran con máis tempo para analizalos.

O Sr. Director indica que desde a área de Calidade teñen feito un bo traballo, pero existe un desaxuste entre as esixencias da ACSUG sobre datos e a posibilidade das universidades de ter eses datos. O Sr. Director proporá á área de Calidade que se negocien os prazos coa ACSUG, e que os informes de seguimento teñan prazo ata mediados de novembro alomenos, en lugar de a 31 de outubro. Comenta que aínda hoxe chegou unha modificación para un informe. Como punto de partida, o Sr. Director propón que se revisen os últimos informes de seguimento dos que se tivo resposta, para extraer tres ou catro puntos de reflexión. Repítese moito nas respostas que hai que tender a unha valoración menos descritiva e máis valorativa (non só cuantitativa). Se expoñen datos, describíndoos, pero non se da o seguinte paso: que valoración

se fai deses datos por parte das comisións das titulacións, se se está no bo camiño, se se está lonxe ou preto dos obxectivos, etc. Falta ser máis críticos.

Outro tema fundamental é asegurarse de que se teñen feito as revisións das recomendacións de informes pasados. Por exemplo, no Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) o curso pasado houbo un problema porque a normativa do curso ponte requiría un número de créditos inferior a 60, e se puxeron 56. Logo a recomendación da ACSUG foi poñer 60, e como non se fixo caso chegou unha resposta de “non conforme”. O Sr. Director revisou e parece que non queda nada pendente, pero pide que se verifique por parte de cada comisión.

O Sr. Director comenta que nos informes non aparece ningún sitio explícito para “pechar o círculo de calidade”: Descríbese unha realidade, valórase esa realidade, deséñanse accións de mellora para aqueles aspectos mellorables, e logo se revisa a execución das accións de mellora. O formato da ACSUG non contempla este último apartado. O Sr. Director recomenda poñer nalgún apartado esta información de reflexión.

O Sr. Director sinala que logo de revisar documentos sobre calidade, sobre todo de empresas, que é o que máis hai, observa que as accións de mellora teñen que ter algún indicador cuantificador. Por exemplo, se no Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) temos unha taxa de abandono de 21%, e na memoria pon un 10%, temos unha disfunción. A análise da comisión di que nos excedemos de optimistas (valoración). Parece que os alumnos pensan que a titulación vai ser outra cousa distinta, polo que se propón como acción de mellora conseguir que os alumnos coñezan mellor como é a titulación. Habería logo que volver a mirar o indicador de taxa de abandono, e se baixa a 19% por exemplo, está ben. Pero se sube a 21 ou 22%, é que non era (ou non só) ese o motivo. Temos que usar os indicadores para medir se tomamos a dirección correcta coas accións de mellora. Ademais, o Sr. Director destaca que o 85% das accións de mellora recaían sobre os coordinadores das titulacións. Na titulación de GrEI decidiuse que desde agora, todas as accións de mellora levarán dous responsables: o coordinador e outra persoa, preferiblemente da comisión.

A continuación, ábrese un turno de intervencións para os coordinadores das titulacións. Comeza o coordinador do Máster en Tecnoloxías da Información (MTIN), indicando que a situación deste máster é un pouco patolóxica, dado que non se abrirá nova matrícula no curso 2015-16. No plan de mellora xa se ten considerado este aspecto. O informe deste máster veu como non favorable. En cuestións de información pública: indicaban que o número de créditos da titulación no era moi explícito (xa se corrixiu). Tamén indicaban que a memoria na veb da escola non era a definitiva. Había algunhas outras cuestións menos fáciles de solventar a curto prazo. Presentouse un escrito de alegacións moi completo, que foi ignorado. O informe final foi un corta-pega do provisional cunha única frase dicindo que “se valora o esforzo en solventar os problemas...”, pero as recomendacións de mellora foron as mesmas. Dado que no próximo curso non se impartirá nada deste máster, o informe actual é moi minimalista, eliminando o que non procede e actualizando datos. En teoría non toca avaliación este ano, polo que se centrou a acción de mellora nas modificacións da memoria. E non hai moito máis que aportar desde esta titulación.

O coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións (MCAP) indica que no seu caso é mais ou menos o mesmo, non hai moito que aportar, co problema adicional de que vai estar fora e non volve ata o 3 de novembro, polo que o informe aprobarase en comisión hoxe.

O Sr. Director indica que os informes de Seguimento se aproban na comisión de Calidade. Pero como non se poden dar por aprobados nesta reunión, convocarase unha extraordinaria para o día 31 de outubro.

O coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental (MENA) apunta que el tamén estará fora, pero que vai usar o informe do ano anterior. Comenta que ten asistido a reunións moi frustrantes, nas que ante a pregunta de cómo debían ser os informes se lles respostaba desde a vicerreitoría que “eles sabían como facelos”. Pensa tamén que agora sobran indicadores. O Sr. Director indica que non hai que obsesionarse con revisar todos os indicadores. Debemos separar os indicadores relativos á memoria do título do resto, de para o resto, ir rotando. O coordinador do MCAP di que cada universidade ten os seus indicadores, e hai que andar facendo medias. En teoría os indicadores son da ACSUG, pero na Universidade da Coruña parece que non son iguais. Os únicos indicadores comúns son os de FIDES-AUDIT. O resto dependen das universidades. E o próximo curso será peor cando se incorporen ao máster universidades de fora da Comunidade Autónoma. O Sr. Director suxire que se fagan “vectores de indicadores”, cos valores de indicadores restrinxidos aos alumnos de matrícula en cada universidade.

Respecto ás accións de mellora no MCAP, establecéronse dúas: mellorar o sistema de videoconferencia, e incluír a posibilidade de traer profesores externos. O coordinador deste máster quere tamén expresar o seu desacordo con que as plantillas para os informes estean en formato .doc, dado que non pode editalas coa calidade que se supón.

O coordinador do MENA quere amosar o que ten do informe do ano pasado. No novo formato xa non vale o que había, pero se usará o informe para actualizar a web. O documento de Boas Prácticas que se nos deu recolle o que xa facíamos cando ninguén nos dicía como facer. Se recollerá no informe qué boas prácticas seguimos. Co novo formato: indicadores relevantes, xustificación. O que parece é que agora nos “sobra” información.

O Sr. Director incide en incluír un apartado de reflexión nos informes: dar unha valoración, facer unha análise crítica e non só amosar unha “fotografía” da situación. Para centralizar o traballo, propón que segundo se vaian tendo os informes se lle envíen (sen esperar ao final), e os irá distribuindo para compartilos entre todos os coordinadores. Se é posible, recoméndase asociar a cada proposta de mellora un indicador (a ser posible dos que xa temos).

O coordinador do Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) indica que a partir de agora, os coordinadores de curso asistirán con voz e sen voto ás reunións da comisión da titulación. O Sr. Director propón que se inclúa isto como acción de mellora para mellorar a coordinación.

O coordinador do MENA indica que respecto a ter en conta informes anteriores, este só se avaliou unha vez, e o que se pediu xa está resolto. O Sr. Director pregunta se xa se teñen todos os indicadores, ou só os da reflexión. O coordinador responde que están todos os indicadores,

e reflexións sobre algúns deles. O Sr. Director pregúntase pola conveniencia de poñer todos, ou poñer só aqueles sobre os que se vai reflexionar. Non parece mala idea telos aí todos. O coordinador do GrEQ suxire indicar cales son os relevantes. O Sr. Director propón que se transmita no informe que “este ano enfocámonos nesta dirección...”

Respecto ao cumprimento das accións de mellora, o coordinador do MENA indica que se cumpriron todas. Aínda que o máis difícil é xustificalas. O Sr. Director volve incidir en que o informe tería que ter algún sitio para cerrar o círculo de calidade. O coordinado resposta que a análise que se fai xa pecha o círculo. O Sr. Director incide en que na análise se faga referencia directa ás accións de mellora. O principal problema parece ser o formato do documento. Pero é un formato similar ao de outros manuais de seguimento de calidade de distintos organismos e empresas, salvo que un pouco menos maquetado.

A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQBP) indica que o seu é o primeiro informe de seguimento que se fai. Non hai demasiados indicadores, porque por exemplo aínda non hai egresados, nin informe de inserción laboral. Respecto ás referencias na web, parece que está demasiado disgregada. Por exemplo, o local de alumnos non aparece en Infraestruturas. Os accesos á parte de calidade redirixen á anterior vicerreitoría de Calidade, e non á actual área de Calidade. O Sr. Director indica que na última versión da web na que se está a traballar xa se corríxen estes problemas. O coordinador do MTIN comenta que o problema da usabilidade da web está fora do noso control: na avaliación do informe se dicía que a información do título non cumpría cos criterios de usabilidade, pero esta información está na web da USC. O Sr. Director di que no caso de datos que estean na web da USC se poñan os enlaces oficiais. A coordinadora do MEQBP suxire nestes casos poñer ambos enlaces (á USC e á ETSE). O coordinador do MTIN di que os avaliadores van mirar os sitios oficiais.

O Sr. Director pide que se se referencia algo na páxina de calidade da ETSE, se faga sempre en relación á páxina principal de Calidade: www.usc.es/etse/calidade (porque se están a facer cambios, e se se usan subniveis, pode ser que estes cambien). De momento, na web da ETSE están xa renovados os apartados de “A Escola” e “Organización”. Agora se está traballando en “Calidade”, en particular, nos enlaces ás actas das reunións. O coordinador do MCAP pregunta polas páxinas oficiais dos másteres: a USC está a modernizar a web? O Sr. Director responde que están facendo para os graos o mesmo que para os másteres. Orientar as páxinas máis á publicidade e visibilidade. A web da ETSE está máis orientada a datos: simplificar e ter información de evidencias do traballo que facemos.

A coordinadora do MEQBP continúa coa presentación do traballo no informe de seguimento. As accións de mellora non están completamente definidas aínda, pero as principais son: mellorar a captación de alumnos, buscar patrocinios, novos convenios con empresas para prácticas, mellorar a coordinación inter- e intra-módulos, revisar contidos e horarios, axustar a oferta Erasmus (só para o segundo semestre, non procede: a ORE pensa en másteres de 60 ECTS e este ten 90 ECTS). Hai moitas accións, pero este é o primeiro ano, polo que é cando máis haberá que propoñer.

O Sr. Director comenta que este ano está previsto realizar, especialmente nos graos, a enquisa sobre carga de traballo. Así que suxire que se inclúa como acción de mellora nos informes. A coordinadora do MEQBP responde que no máster xa se fixo: fan a enquisa ao rematar os módulos. O coordinador do MCAP indica que tamén a fan, vía web. Tamén incide en que a USC debería cambiar o modelo de enquisas, e non limitalas á avaliación de profesores. O Sr. Director responde que dado que a USC non o fai, se faga na ETSE: propón dúas enquisas de carga de traballo, unha por cuatrimestre, e tanto a alumnos como a profesores. Ademais, a final de curso, facer unha enquisa sobre obtención de competencias (incluíndo ademais neste caso aos empregadores). E comprobar se o resultado se corresponde ao que di a memoria dos títulos. O coordinador de GrEQ propón crear un comité externo con empregadores para avaliar competencias. O Sr. Director propón establecer unha relación de competencias con posible valoración entre 1 e 5. O coordinador de GrEQ propón como acción de mellora a análise de competencias e capacidades, con dous mecanismos: enquisa interna, e comité externo.

O coordinador de GrEI informa de que o ano pasado non revisaron o informe na ACSUG, pero o anterior si, e aproveitaranse os resultados. Hai que recortar bastantes cousas, porque algunhas non aportaban demasiado. Respecto ás accións de mellora, hai dúas accións que non tiveron o resultado esperado. Analizouse o tema na reunión deste luns pasado cos profesores, e na comisión de titulación do martes. Os problemas están na docencia en inglés e na taxa de abandono. Respecto á docencia en inglés, a acción de mellora de incrementar a oferta non tivo o éxito esperado. E parece complicado que se poda mellorar no futuro próximo, polo que non vale a pena arrastrar esta acción máis tempo. En canto á taxa de abandono, neste momento estase dobrando a taxa obxectivo (10%). Pode que fose demasiado ambiciosa. Tal vez habería que moverse a un 15%, máis na liña con outras enxeñarías. Tamén habería que tratar de informar aos alumnos de que é o que van atopar aquí, en coordinación co programa A Ponte. O Sr. Director indica que na enquisa de benvinda deste ano, os alumnos de primeiro afirman nun 33% coñecer a memoria das titulacións, en un 50% coñecer o plan de estudos completo. O coordinador do GrEI indica que se volverán analizar estas accións de mellora, incorporando aos coordinadores de curso. Ademais, se duplicarán os responsables das accións. Debería facerse o informe de seguimento nun proceso continuo, e con varios responsables a tarefa será máis doada. Respecto ás enquisas sobre carga de traballo, este é un tema do que os alumnos se queixan sempre. En canto ás competencias, a ACSUG sempre pide estes datos, e non hai moito material que se poda utilizar. A principio da semana que ven facilitarase unha primeira versión do informe de GrEI.

O coordinador de GrEQ informa que de momento só traballou nas accións de mellora. Na revisión da acreditación ICheme dixerón que non se avalían as competencias dos egresados cos empregadores, e recomendaron crear un comité externo. A idea sería facer primeiro unha enquisa interna sobre competencias, e pasar os datos logo ao comité externo. Respecto aos problemas dos últimos anos, as accións de mellora son, en primeiro lugar, a integración das accións de coordinación, incluíndo aos coordinadores de curso con voz e sen voto nas reunións da comisión (o Sr. Director suxire incluír este aspecto no futuro no regulamento de Réxime Interno). En segundo lugar, seguir o que xa se fai no MENA: repercusión da valoración dos alumnos nas enquisas de profesorado na asignación de docencia ás distintas materias. Se durante dous anos consecutivos a valoración do profesor é inferior ao 60% da valoración media

do título, cambiarase a asignación da docencia. O Sr. Director pregúntase se non iríamos en contra do regulamento da USC. O coordinador de GrEQ responde que as enquisas de GrEQ sempre teñen valor baixo en relación á USC. E xa temos un regulamento onde estes datos repercuten: os informes de docencia para a solicitude de quinquenios. Hai profesores cos que xa se falou e non parece haber solución. Proponse como acción de mellora esixir un informe ao profesor de porqué está pasando iso (o resultado baixo nas enquisas), en lugar de retirar a asignación da docencia. Por último, proponse como acción de mellora traballar nos indicadores de éxito, eficiencia, etc. No departamento xa se traballou este tema coa taxa de acumulación: se entran N estudantes, teñen que saír N. Definirase unha taxa de acumulación por título. Crearase un indicador e estudarase a súa progresión. O Sr. Director indica que lle parece razoable o propoñer tres ou catro accións de mellora por ano.

3. Actualización do Manual Simplificado SGIC.

O Manual Simplificado é unha particularización do manual xeral do SGIC da USC adaptado á ETSE. Foi aprobado no 2013. Pero como cambiamos o Regulamento de Réxime Interno, en particular os apartados relativos a Calidade, temos que actualizar este manual tamén. Na páxina 6, no relativo a Comisións Delegadas de Xunta de Escola: introduciuse a Comisión de Seguridade e Saúde, e suprimiuse a de Economía. Na definición das comisións de titulación (apartado 3.4.4), cambiase o formato de xeito que o Coordinador/a de Titulación será proposto pola dirección do centro e ratificado pola Xunta de Escola. Na páxina 22 incorpórase o apartado 4.1 (Axustes específicos ETSE): o axuste dos procesos do SGIC aprobados na última reunión da comisión de Calidade. Por último, no apartado 5 engadíronse os indicadores segundo a última información recibida (hai dous indicadores menos).

É preceptivo aprobar estas modificacións no Manual Simplificado na comisión de Calidade do centro. Logo se enviarán á área de Calidade e por último deberán aprobarse no centro (comisión Permanente).

Apróbase por unanimidade esta actualización do Manual Simplificado do SGIC.

4. Turno aberto.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 14:05 h.